



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono As Gándaras-Parcela U2-rúa A- 27003 Lugo
- Denominación: Modificado C.T.C. colexio público de Cervo
- Situación: concello de Cervo
- Características Técnicas:

1-Liña de media tensión soterrada a 20 Kv, consistente en anelar o C.T. proxectado na L.M.T. Espiñeirido, cunha lonxitude de 69 metros en condutor novo tipo RHZ1-240 mm entre o C.T.C. proxectado e o PA/S ubicado no apoio B, e condutor recuperado en obra entre o C.T.C. proxectado e o PA/S ubicado no apoio A.

2-Centro de Transformación en edificio prefabricado tipo PFU-4, cunha potencia proxectada de 630 kVA e unha potencia inicial de 250 kVA, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.

3-Rede de baixa tensión soterrada con orixe no C.T. proxectado e final nas R.B.T's existentes, cunha lonxitude de 54 metros en conductores tipo RV.

- 4-Desmontase da L.M.T.A. ao C.T.I. Grupo Escolar, o C.T.I. Grupo Escolar e 155 metros de condutor tipo RZ.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e de acordo coa Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54) esta Xefatura Territorial **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das ditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no seu proxecto e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial e outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que xulgue pertinente ao seu dereito.

Lugo, 20 de abril de 2015.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 1669

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Téndose producido erro en relación co anuncio de publicación da aprobación definitiva do expediente de modificación do orzamento da Deputación do 2015, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 95 de 28 do presente mes de abril, corríxese o dito erro, quedando redactado do seguinte xeito:

"Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2015, mediante baixa por anulación e suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	24.176.868,36		24.176.868,36
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	18.737.485,87		18.737.485,87
III. GTOS. FINANCEIROS	234.200,29		234.200,29
IV. TRANS.CORRENTES	34.032.342,38		34.032.342,38
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	0,00		0,00
VI. INVESTIMENTOS REAIS	30.203.139,51	+/- 1.723.780,00	30.203.139,51

VII. TRANS.CAPITAL	14.958.400,89	8.963.654,06	23.922.054,95
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	6.558.625,40	2.201.008,88	8.759.634,28
TOTAL	129.201.062,70	11.164.662,94	140.365.725,64

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.340.406,00		5.340.406,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	4.680.704,20		4.680.704,20
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.660.159,00		6.660.159,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	65.477.859,66		65.477.859,66
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	535.000,00		535.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	15.000,00		15.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.973.562,94		8.973.562,94
8. ACTIVOS FINANCIEROS	34.518.370,90	14.164.662,94	48.683.033,84
9. PASIVOS FINANCIEROS	3.000.000,00	-3.000.000,00	0,00
TOTAL	129.201.062,70	11.164.662,94	140.365.725,64

O que se fai público para os oportunos efectos”.

Lugo, vinte e nove de abril de dous mil quince.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1793

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS*Anuncio*

No Boletín Oficial da Provincia nº 96, do mércores 29 de abril do 2015, saíu publicado o anuncio da aprobación inicial polo Pleno da Corporación provincial da “*Proposta de modificacións puntuais da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo*” e da exposición pública, durante o prazo de 20 días, para o exame do expediente e a presentación de reclamacións e suxestións.

Constatada a existencia dun erro no parágrafo que di “*de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local*” cando debe dicir “*de conformidade co sinalado no artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*”, procedese á súa corrección.

A citada corrección de erro efectúase conforme ao previsto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Pazo provincial de Lugo, 29 de abril do 2015.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1794

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos 1/2015), financiado con cargo ó remanente de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2014, neste momento prorrogado para ó exercicio 2015 ,segundo acordo plenario do 19 de marzo do 2015, por importe de vinteun mil novecentos noventa e un euros (21.991,00 €), de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Y para que así conste a efectos de su conocimiento, y sirva de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, extendiendo la presente en Vilalba, el 27 de abril de 2015.

LA SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VILALBA. M^a TERESA BARREIRO GAREA

R. 1740

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2015, vía transferencia de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	23.702.303,18		23.702.303,18
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	18.787.378,43		18.787.378,43
III. GTOS. FINANCEIROS	234.200,29		234.200,29
IV. TRANS.CORRENTES	28.313.001,98		28.313.001,98
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	0,00		0,00
VI. INVESTIMENTOS REAIS	35.840.820,61	(+/- 2.012.165,84)	35.840.820,61
VII. TRANS.CAPITAL	14.958.400,89		14.958.400,89
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	6.558.625,40		6.558.625,40
TOTAL	128.694.730,78	0,00	128.694.730,78

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.340.406,00		5.340.406,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	4.680.704,20		4.680.704,20
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.660.159,00		6.660.159,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	65.477.859,66		65.477.859,66
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	535.000,00		535.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	15.000,00		15.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.973.562,94		8.973.562,94
8. ACTIVOS FINANCEIROS	34.012.038,98		34.012.038,98
9. PASIVOS FINANCEIROS	3.000.000,00		3.000.000,00
TOTAL	128.694.730,78	0,00	128.694.730,78

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e tres de marzo de dous mil quince.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1734



BOP

MARTES, 7 DE ABRIL DE 2015

Nº 077

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletín@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA.
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Cristina Carreiras Leal, con DNI 33814792P, solicita de Augas de Galicia autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.48107

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de peche, explanación de terreo e acondicionamento dunha servidume de paso na zona de policía do río Tronceda no lugar de Cabana da parroquia de Villoalle do concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de marzo de 2015.- O xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Alvarez

R. 1257

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil quince, a "Modificación do Orzamento da Deputación 2015, mediante Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito", expónse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, un de abril de dous mil quince.- O **PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. O **SECRETARIO EN FUNCIONS**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 1340

GOBERNO DE ESPAÑA

SUBDELEGACIÓN DE GOBERNO EN LUGO. SECRETARÍA XERAL

Anuncio

De conformidade con el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992 (BOE de 27/11/92), modificada por la Ley 4/1999 (BOE de 14/01/92) se hacen públicas las **resoluciones** recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, y acordadas a los interesados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.



fecha: LUGO **20 de abril de 2015**

unidad de origen: **SECCIÓN DE ACTAS**

asunto: **Remite certificación acuerdo do Pleno de 31-03-2015**

destinatario



Intervención

Remítase a: *J. Teo*

Lugo, **22 ABR. 2015**

O Secretario, *J.A.C.*

Asdo.: José A. Mourelle Cillero

Remítolle, para os efectos que procedan, certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil quince, relativo a "PROPOSTA DE APLICACIÓN DO SUPERÁVIT A REDUCIR O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO NETO E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO, MEDIANTE BAIXA POR ANULACIÓN E SUPLEMENTO DE CRÉDITO".

O SECRETARIO,
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,

J. Teo



DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, Secretario Xeral desta Excma. Deputación Provincial de Lugo,

C E R T I F I C O: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APLICACIÓN DO SUPERÁVIT A REDUCIR O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO NETO E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO, MEDIANTE BAIXA POR ANULACIÓN E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Visto o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Examinada a proposta en relación co asunto sinalado no epígrafe, que di o seguinte:

“Vistos os informes que sobre o destino do superávit consolidado en termos SEC segundo o artigo 32 da LEO, para reducir o endebedamento neto e polo tanto, substituír a operación de crédito prevista no Orzamento 2015 de 3 millóns de euros sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación, e dar cobertura á amortización anticipada polo importe de 11.164.662,94 € segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Destinar o superávit orzamentario 2014 a reducir o endebedamento neto en 14.164.662,94 €.

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, baixa por anulación, co seguinte detalle:

Estado de Ingresos	<u>Subconcepto 913.00</u> : Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público	3.000.000,00 €
	Total ingresos	3.000.000,00 €
Estado de Gastos	<u>Aplicación 1510.750</u> : Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €
	<u>Aplicación 1720.762</u> : Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A	526.220,00 €

	Concellos	
	<u>Aplicación 4530.619</u> : Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
	Total gastos	3.000.000,00 €

3º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1510.750	Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €
1720.762	Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A Concellos	526.220,00 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
0110.913	Amort. Prést. A longo prazo de entes de fora do sector público	2.201.008,88 €
0110.749	Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial	8.963.654,06 €
	Total gastos	14.164.662,94 €



Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	14.164.662,94 €

4º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D^a. Elena Candia López, D. Francisco Javier Balado Teijeiro e D. Fernando A. Pensado Barbeira, representantes do Grupo Provincial Popular,



DEPUTACIÓN DE LUGO

acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13; abstencións, 11. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a seis de abril de dous mil quince.


Vº. e Prace

O PRESIDENTE

P.D. Decreto nº 2228/2012, de 18-07-2012

A VICEPRESIDENTA,

Asdo: Lara Méndez López





COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL
DE CONTAS

DITAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado *“1. Proposta de aplicación do superávit a reducir o nivel de endebedamento neto e modificación do orzamento, mediante baixa por anulación e suplemento de crédito.”*, a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D^a. Elena Candia López, D. Francisco Javier Balado Teijeiro e D. Fernando Pensado Barbeira, representantes do Grupo Provincial Popular, ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 26 de marzo de 2015.



Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2015 para aplicar o superávit de estabilidade orzamentaria a reducir o nivel endebedamento neto

(Pleno marzo 2015)



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: DESTINO DO SUPERAVIT ORZAMENTARIO 2014.

ANTECEDENTES

Logo de finalizar o proceso de liquidación de orzamentos do ano 2014, e segundo informes de intervención de acompañamento a dita liquidación de data 27 de febreiro de 2015, obtense o seguinte resultado de capacidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria (aplicando os axustes SEC):

- Deputación de Lugo 16.637.280,60 €
- Consorcio de Bombeiros 167.242,11 €
- SUPLUSA..... 363.207,04 €
- Fundacion TIC..... 243.784,82 €

TOTAL a nivel consolidado 17.411.514,57 €

O Consorcio de Bombeiros e a Fundación TIC non teñen débeda pública.

A Deputación de Lugo, unha vez descontado o saldo da conta 413 “acreedores pendentes de aplicar ao orzamento” ascendente a 2.687.692,77 € na Deputación e 194.362,11 € no Consorcio, ten que destinar 14.529.459,69 € a cumprir os fins do artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 do abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, é dicir, redución do nivel de endebedamento neto ou a investimentos financeiramente sostibles si así o acorda a Entidade e si se cumpren as condicións legalmente establecidas.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 2/2012, de 27 do abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE),

Lei Orgánica 9/2013, de 20 do decembro, de control da débeda comercial no sector público, (en adiante LCDCSP),

Rd.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (en adiante TRLRFL)



Rd. Lei 2/2014, de 21 do febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica.

Rd.Legislativo 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outra de carácter económico.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 32 da LOE "Destino do superávit orzamentario", na redacción dada polo apartado 11 do artigo primeiro da LCDCSP, dispón "o superávit se destinará a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento si este fose inferior ó importe do superávit". O prazo para facer efectiva a amortización remata o 31 de decembro de 2015.

A estes efectos enténdese por superávit a capacidade de financiamento, segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento do déficit excesivo tal e como se define na normativa europea, que non contempla as débedas entre as Administracións.

A disposición adicional sexta da LOE, "reglas especiais para o destino do superávit orzamentario", introducida pola LCDCSP, e prorrogada para o ano 2015 pola DA 9 do RD-lesislativo 17/2014, de 26 de decembro, regula a posibilidade de destinar o citado superávit a financiar inversións financeiramente sostibles cando:

- 1) Na entidade local concorran as dúas circunstancias seguintes:
 - a) Cumpran ou non superen os límites fixados polo TRLRFL en materia de autorización de operacións de endebedamento.
 - b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente, superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais.

Na Deputación de Lugo concorren as dúas circunstancias anteriores.

- 2) No ano 2015, aos efectos da aplicación do artigo 32, terase en conta:
 - a) Destinar o superávit a atender as obrigas pendentes de aplicar á orzamento, conta 413 "acreedores por operacións pendentes de aplicar á orzamento"
 - b) Destinar o mínimo a amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes, para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no exercicio 2015.



- c) Si cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores, a Corporación tivera saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a investimentos sempre que ao largo da vida útil da inversión esta sexa financeiramente sostible.
- Ademais será necesario que o período medio de pago a provedores da Corporación Local, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade.

VERIFICACIÓN

- 1) A débeda pública a 31.12.2014 é de 21.939.814,91 €, que representa o 26,79 % sobre os dereitos liquidados por operación correntes na liquidación de 2013 a nivel consolidado de 81.899.574,07 €, polo tanto, inferior ao 110%, límite do TRLRFL.
- 2) A amortización corrente e a anticipada no ano 2015, segundo previsións orzamentarias, ascende a 9.753.973,96 €. A previsión de endebedamento no exercicio é de 3 millóns de euros. A 31 de decembro de 2015 a débeda co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio é de 1.021.178,01 €. Polo tanto, o importe máximo a amortizar para reducir o endebedamento neto a 31 de decembro de 2015, en termos débeda pública a efectos do procedemento do déficit excesivo tal e como se define na normativa europea, é de 14.164.662,94 €
- 3) Superávit consolidado (en termos SEC) 17.411.514,57 €
Remanente de Tesourería para gastos xerais a 31-12-2014..... 48.495.634,77 €
Polo tanto, superávit e remanente positivo.
Conta 413 "acretores pendentes de aplicar ao orzamento" -2.687.692,77 €
Idem. Consorcio Provincial de Bombeiros -194.362,11 €
Diferenza positiva a aplicar segundo o artigo 32..... 14.529.459,69 €

CONCLUSIÓNS

Cúmprese ca redución de endebedamento neto no ano 2015 a nivel consolidado, si se destina o superávit (14.529.459,69 €), tal como propón o artigo 32 da LOE, a reducir o nivel de endebedamento neto (14.164.662,94 €), sempre co límite do volume de endebedamento si este fose inferior ó importe do superávit, como é o caso. O prazo para facer efectiva a amortización remata o 31 de decembro de 2015.



En consecuencia, deberá efectuarse a modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, para substituír a operación de endebedamento prevista no Orzamento 2015 de 3 millóns de euros, e para dar cobertura a amortización anticipada polo importe de 11.164.622,94 €.

Lugo, 19 de marzo de 2015

A interventora xeral

Rosa Abelleira Fernández



Incoación

Pola presente, e visto informe de intervención de data 19 de marzo, ordénase a incoación de expediente de modificación orzamentaria para reducir o endebedamento neto no ano 2015 e polo tanto, substituír á operación de endebedamento prevista no Orzamento 2015 de 3 millóns de euros e dar cobertura á amortización anticipada polo importe de 11.164.662,94 €, financiándose co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, logo de obter superávit en termos de estabilidade orzamentaria, segundo amosa a resolución da Presidencia do 27 de febreiro, que aproba a liquidación do Orzamento da Deputación do ano 2014, e reducir o nivel de endebedamento neto, segundo o artigo 32 da Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LEO), sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación de 3 millóns: achega á admón. xeral da Comunidade Autónoma 750.000,00 €, achega a Concellos 526.220,00 €, e parte da anualidade 2015 da conservación integral da rede viaria provincial ata 1.723.780,00 €.

Lugo, 19 de marzo de 2015,
O PRESIDENTE,
PD Decreto nº2228/2012, de 18.07.2012
A Vicepresidenta,



Lara Méndez López



Informe de Intervención

Asunto: Modificación orzamentaria para aplicar o superávit de estabilidade orzamentaria a reducir o nivel de endebedamento neto.

Logo de ver a incoación de expediente de modificación orzamentaria tralo informe de intervención da mesma data, co fin de destinar o superávit consolidado en termos SEC a reducir o endebedamento neto, segundo o artigo 32 da LEO, substituíndo a operación prevista no Orzamento 2015 de 3 millóns de euros e dar cobertura á amortización anticipada de 11.164.662,94 €, financiándose co remanente líquido de tesourería, a que subscribe emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

1) Por resolución da Presidencia de data 27 de febreiro de 2015 aprobase a liquidación do Orzamento da Deputación do exercicio 2014.

O superávit consolidado, en termos de estabilidade orzamentaria, ascende a 17.411.514,57 €.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais da Deputación é de 48.495.634,77 €.

O artigo 32 da LEO dispón:

"Destino do superávit orzamentario.

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar a redución de débeda.

...

3. Para os efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública para os efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa.

..."



O importe de superávit a aplicar polo artigo 32 é de 14.529.459,69 €, e o volume de endebedamento neto a reducir é de 14.164.662,94 €, segundo informe de intervención anterior, o que me remito.

A presente modificación consiste en substituír a operación prevista no Orzamento de 3 millóns de euros e dar cobertura á amortización anticipada de 11.164.662,94 €, financiándose co remanente líquido de tesourería, en aplicación do artigo 32 da LOE.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1) As modificacións orzamentarias que afecten exclusivamente aos estados de ingresos non se recollen expresamente no R.d. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), nin no R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90), non obstante obtense a finalidade pretendida executando as seguintes modificacións:

- Baixa por anulación.
- Suplemento de crédito financiado con Remanente líquido de tesourería.

En ambas modificacións o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Deputación, segundo o artigo 49 do R.d. 500/90, para a baixa por anulación e os artigos 33.2.c) da Lei 7/85, 177.2 do TRLRFL e 37.2 do R.d. 500/90, para o suplemento de crédito.

Prescindir da operación de endebedamento supón inicialmente a imposibilidade de execución dos investimentos a que estaba destinada a operación, é dicir, parte dos capítulos 6 e 7, segundo o Plan financeiro de 2015, reflectido no Orzamento.

Así se deduce do principio de equilibrio orzamentario e do artigo 173.6.b) do TRLRFL.



O artigo 34.g) e os artigos 49 a 51 do R.d. 500/90, regulan a modificación orzamentaria "Baixas por anulación".

Para dotar novamente os créditos dos investimentos anteriores procede unha modificación vía suplemento de crédito que se pode financiar polo remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

O artigo 117 do TRLRFL e os artigos 34.b) e 35 a 38 do R.d. 500/90, regulan a modificación orzamentaria "Suplemento de Crédito".

2) Segundo a regulación das citadas modificacións é necesaria a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

Lugo, a 19 de marzo de 2015.

A interventora,

Rosa Abelleira Fernández



Memoria

Asunto: Modificación orzamentaria para aplicar o superávit de estabilidade orzamentaria a reducir o nivel de endebedamento neto.

Visto informes de Intervención do 19 de marzo do ano en curso, confecciónase a presenta memoria, xustificativa das modificacións orzamentarias baixa por anulación e suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2015.

A xustificación do presente expediente ven dada pola aplicación do artigo 32 da LEO para redución do endebedamento neto.

A consignación orzamentaria será insuficiente para a execución das actuacións previstas no Orzamento ao prescindir da operación de endebedamento, debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2015 nas mesmas aplicacións orzamentarias e polos mesmos importes financiándoo co Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven derivada polo propio contido e importancia dos investimentos a executar, xa previstos inicialmente no Orzamento, como son as achegas á Comunidade autónoma e a Concellos e o investimento plurianual na conservación da Rede viaria provincial e polo cumprimento do artigo 32 da LOE.

En resumo, as modificacións consisten en:

Baixa por anulación:

Estado de Ingresos	Subconcepto 913.00: Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público	3.000.000,00 €
	Total ingresos	3.000.000,00 €



Estado de Gastos	Aplicación 1510.750: Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €
	Aplicación 1720.762: Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A Concellos	526.220,00 €
	Aplicación 4530.619: Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
Total gastos		3.000.000,00 €

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1510.750	Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €
1720.762	Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A Concellos	526.220,00 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
0110.913	Amort. Prést. A longo prazo de entes de fora do sector público	2.201.008,88 €
0110.749	Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial	8.963.654,06 €
Total gastos		14.164.662,94 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	14.164.662,94 €

Lugo, 19 de marzo de 2015,
O PRESIDENTE,
PD Decreto nº2228/2012, de 18.07.2012
A Vicepresidenta,

Lara Méndez López



Proposta

Asunto: Proposta de aplicación do superávit a reducir o nivel de endebedamento neto e Modificación do Orzamento, mediante Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito.

Vistos os informes que anteceden sobre o destino do superávit consolidado en termos SEC segundo o artigo 32 da LEO, para reducir o endebedamento neto e polo tanto, substituír a operación de crédito prevista no Orzamento 2015 de 3 millóns de euros sen deixar de executar os investimentos afectados pola citada operación, e dar cobertura á amortización anticipada polo importe de 11.164.662,94 € segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Destinar o superávit orzamentario 2014 a reducir o endebedamento neto en 14.164.662,94 €.

2) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, baixa por anulación, co seguinte detalle:

Estado de Ingresos	<u>Subconcepto 913.00</u> : Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra del sector público	3.000.000,00 €
	Total ingresos	3.000.000,00 €
Estado de Gastos	<u>Aplicación 1510.750</u> : Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €



	<u>Aplicación 1720.762</u> : Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A Concellos	526.220,00 €
	<u>Aplicación 4530.619</u> : Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
	Total gastos	3.000.000,00 €

3) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1510.750	Urbanismo, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, Á Admón. Xeral da Comunidade Autónoma	750.000,00 €
1720.762	Protección e mellora do medio ambiente, TRANSFERENCIAS DE CAPITAL, A Concellos	526.220,00 €
4530.619	Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral	1.723.780,00 €
0110.913	Amort. Prést. A longo prazo de entes de fora do sector público	2.201.008,88 €
0110.749	Transferencia á Sociedade Urbanística Provincial	8.963.654,06 €
	Total gastos	14.164.662,94 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	14.164.662,94 €

4) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo



isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, 19 de marzo de 2015,
O PRESIDENTE,
PD Decreto nº2228/2012, de 18.07.2012
A Vicepresidenta,

Lara Méndez López

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO

Sesión do día 31 MAR, 2015

CUMPRASE

31981 SIB/111
PD Decreto nº 2228/2012 de 18.07.2012
A VICEPRESIDENTA.

APROBADO:
O SECRETARIO P.S.

Audo Lara Méndez López



Informe de Intervención

Asunto: Proposta de aplicación do superávit a reducir o nivel de endebedamento neto e Modificación do Orzamento, mediante Baixa por Anulación e Suplemento de Crédito.

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítese o seguinte informe:

O artigo 32 da LEO dispón:

“Destino do superávit orzamentario.

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar a redución de débeda.

...“

3. Para os efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública para os efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa.

...“

En relación á modificación proposta de baixa por anulación e suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o REO, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2015. Ao parecer da que subscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 19 de marzo de 2015,

A interventora,

Rosa Abelleira Fernández